

A VOZ DO CHANO

XORNAL QUINCENAL DO
CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro - Gondomar (Pontevedra)

EDICIÓN ESPECIAL SAMAÍN

Venres 4 de novembro de 2022

O Chano Piñeiro en Samaín

Os nenos e nenas do Chano celebran o Samaín con diferentes actividades ao longo da semana.

Autores: Claudia Portela, Nicolás, Iker e Brais Carrera. .

Para celebrar o Samaín organizáronse no Chano diferentes actividades.

En primeiro lugar, dende o luns 24 o alumnado trouxo as súas propias cabazas para unha exposición que se fixo no primeiro andar do colexio. As cabazas eran impresionantes!



En segundo lugar, houbo un concurso de historias medo no que participou alumnado de todo o colexio. Os gañadores gravaron a súa terrorífica historia no novo estudio de radio escolar, que agora se atopa dentro da

biblioteca. Ademais durante toda a semana, os nenos e nenas de cuarto, quinto e sexto de Primaria fixeron varios contacontos aos nenos e nenas de Infantil, primeiro, segundo e terceiro de Primaria. Os máis cativos foron os que máis disfrutaron da experiencia!

Por último, o venres 28 o alumnado viu disfrazado coa temática de cine de terror e disfrutaron dunha gran merenda compartida con alimentos moi terroríficos!





As bonecas de Gondomar cobran vida

As bonecas dunha nena gondomareña móvense soas os luns polas tardes. Este increíble suceso ten preocupado a todo o vecindario.

Autores: Emma, Merlín, Xoán e Daniela.



O luns 31 de outubro, coincidindo coa víspera da celebración do día de tódolos Santos, ocorreu un suceso en Gondomar que non deixou tranquilo a ninguén.



Unha nena tiña unha gran cantidade de bonecas que sempre deixaba sentadas na súa habitación. Cando a nena marchaba a boneca movíase e cando a nena regresaba aparecía noutro sitio.

A nena comezou a investigar, mirou detrás da porta, debaixo da cama, detrás das cortinas... pero desde ese momento as bonecas non volveron a cambiar de posición.

Este suceso extraño non ten explicación científica polo momento, así que todos continúan á espera por se volve a suceder.





Galletas enmeigadas

O alumnado comparte a receita dunhas deliciosas galletas que fixeron para compartir con todos na merenda de Samaín.

Autores: Elena e Antón.


Ingredientes:

- 250 gramos de manteiga
- 250 gramos de azúcar glas
- 1 ovo tamaño XL
- 650 gramos de fariña
- Esencia de vainilla
- Un chorriño de leite para ligar a masa



Proceso:

- Batir manteiga co azúcar ata lograr unha mestura fusionada.
- Cando a manteiga estea blanqueada e aumente de volume, engadimos o ovo e unha pequena culler de esencia de vainilla para que todo se xunte.
- Incorporamos a fariña pouco a pouco e mesturamos a man. No caso de que a masa se desmigue, debemos engadir un chorriño de leite para lograr unha masa compactada. Se vemos que queda demasiado líquida, engadiremos un pouco máis de fariña.
- Formamos unha bola coa masa e dividímla en catro partes. Logo estiramos cada parte co rodillo e deixamos que repose no frigorífico.
- Despois de 3 ou 4 horas sacaremos a masa e cun cortapastas formamos as galletas para fornealas.
- Estiramos as galletas nunha bandeixa con papel vexetal, separadas 2 cm entre sí para que non se peguen.
- Meter no forno precalentado a 180° durante 8 ou 10 minutos aproximadamente. Cando as galletas están doradas que retiralas e deixalas enfriar.



Magdalena de araña



O alumnado comparte a receita dunhas riquísimas magdalenas que fixeron para compartir con todos na merenda de Samaín.

Autores: Samuel e Josué.



Ingredientes:

- 200 gramos de chocolate negro.
- 180 gramos de chocolate branco.
- 370 gramos de biscoito.
- Unha lata pequena de leite condensada.
- A mesma medida de leite condensada que de fariña.
- A metade de aceite de xirasol que de fariña.
- 3 ovos.
- Raiadura de limón.
- Levadura.



Proceso:

- Batir os ovos, a leite condensada, a fariña, o aceite de xirasol, a levadura e a raiadura de limón ata conseguir unha crema.
- Repartir a masa en 6 ou 8 moldes de magdalena.
- Fornear as magdalenas durante uns 15 minutos a 180°, ata que estean doradas.
- Fundir chocolate branco no microondas durante 2 minutos.
- Cubrir as magdalenas cunha capa de chocolate branco e deixar enfriar.
- Fundir chocolate negro no microondas durante 2 minutos.
- Colocar o chocolate negro fundido nunha manga pasteleira con boquilla fina e debuxar a tela de araña sobre o chocolate branco. Para debuxala, primeiro debemos facer unha cruz dobre e ir unindo as puntas tal e como se ve na fotografía.




Hotel Transilvania

Nesta película, un home visita un hotel de monstros e alí vive todo tipo de experiencias.

Autores: Anxo, Santiago, Leire e Carla.

Hotel Transilvania é unha película bastante famosa. Ten 4 películas destinadas a nenos e nenas a partir de 5 anos de idade, pero é ideal para desfrutar en familia. A primeira, "Hotel Transilvania 1" estreouse o 26 de outubro de 2012. O seu director é Genndy Tartakovsky e tivo como presuposto 85 millóns de dólares. Gañou moitos premios, como Nickeloden'kids en 2013.

Esta película trata dun hotel para monstros ao que vai un rapaz chamado Jonathan e o Conde de Drácula. O pai de Mavis intenta botar a Jonathan do hotel porque lle gustaba Mavis. Fíxose pasar por Frankenstein para intentar expulsalo, pero non saíu como el esperaba.



A ORIXE DO SAMAÍN



Os celtas celebraban o final do verán co Samaín.

Autores: Roi, Jimena e Laura.

Fai máis de 3.000 anos, o Samaín marcaba o final da temporada de verán e daba a benvida á estación do inverno.



A noite do 31 de outubro, os Celtas protexíanse dos espíritos malignos porque nesa noite a porta que separa o mundo dos vivos e dos mortos quedaba aberta. Ese día, os mortos podían visitar aos vivos nas súas casas e quentarse ao abrigo dunha fogueira. Para iso, os celtas colocaban alimentos nas portas para recibir aos seus mortos e nabos acendidos para afastar aos malos espíritus. Agora, os nenos e nenas imos polas casas pedindo unha lambonada disfrazados de mortos e outros seres monstruosos. Tede coidado porque se sodes espíritos malignos non recibiredes nada!



Era a data máis importante para os celtas dentro do seu calendario porque tamén marcaba o inicio dun novo ano, o novo ano celta.

Esta tradición celta chegou aos EE. UU. coa inmigración europea, principalmente dos irlandeses no ano 1846 coñecida como a víspera de todos os santos, en inglés "All hallow eve" que foi evolucionando a "Halloween" como o coñecemos agora. Ademais foise adaptando xa que en vez de nabos empezáronse a poñer cabazas porque era un alimento moito máis abundante.

Noutros países esta celebración coñécese con outros nomes como Halloween en EE.UU, o Día de Mortos en México, Mischeif Night en Inglaterra ou Mahalaya na India.



Autores: Hugo, Martín, Alma e Carolina.

MANUALIDADES: CABAZAS DE SAMAÍN CON BOTELLAS

MATERIAIS:

- 2 botellas de 2.5 litros.
- Cola branca.
- Rotulador negro.
- Témpera laranxa, verde claro e branco.
- Papel de periódico.
- Cinta adhesiva de papel.
- Auga.



PREPARACIÓN:

- Cortamos a parte de abaixo das botellas e pegamos unha á outra coa cinta adhesiva.
- Cortamos tiras de papel de periódico e no recipiente de plástico poñemos metade de cola e metade de auga.
- Imos poñendo as tiras de papel sobre as botellas e imos pegando coa mestura de cola e auga. Deixámolo secar.
- Cando estea seco pintámoslle a cara cun lapis e pintamos con témpera laranxa o resto da cabaza.
- Unha vez seco repasamos co rotulador negro.
- Cun anaco de papel facemos o tronco da cabaza, pintámolo de verde e pegámolo á cabaza con silicona (precisades axuda dun adulto para este paso).
- Decora como se che ocurra e terás unha cabaza moi divertida.

FERRAMENTAS:

- Tesoiras.
- Pinceis.
- Recipiente de plástico.
- Pistola de silicona.



8

1					E		
2	P						
		3			N		
4		S					
			5				S
6	H				L		
7			D				

ENCRUCILLADA

1. Mamífero voador que dorme cabeza abaixo.
2. Alma dun defunto que anda entre os vivos.
3. Alimento preferido dos vampiros.
4. Conxunto de ósos que sosteñen o corpo.
5. Mulleres que fan feitizos e realizan meigallos.
6. Un licántropo en lúa chea.
7. Material do que está feito un ollo postizo.
8. Lugar encantado.

LENDA DE JACK O'LANTER



SOPA DE LETRAS

HALLOWEEN

P	U	M	P	K	I	N	A	G
D	C	B	A	E	T	H	N	H
U	O	M	R	R	S	F	T	O
L	N	I	O	T	A	O	I	S
E	F	F	T	O	F	W	F	T
P	E	L	U	C	A	T	A	T
B	S	K	E	L	E	T	O	N
A	I	C	S	N	S	L	M	U
T	E	W	I	T	C	H	Z	A

Cat pumpkin ghost Bat skeleton witch

Alumnado que participa

